



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. SERVIZO DO PATRIMONIO NATURAL. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Manuel González Devesa, con DNI *****254M, en representación da Asociación de Cazadores de Friol (CIF G27218759), titular do tecor *Cova da Serpe* (LU-10135) solicita a ampliación deste tecor cos terreos do monte veciñal en man común de Ousá que constituían a extinta explotación cinexética comercial de Ousá, no termo municipal de Friol.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 9 de xuño de 2020.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 1140

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 09/06/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/08/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de xuño de 2020,- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1141

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

De conformidade coas Resolucións da Alcaldía de 19 de xuño de 2020 fanse públicas as **convocatorias para a selección de persoal laboral temporal** consistente en:

- **Oito peóns de incendios, dous xefes de brigada de incendios e tres condutores de motobomba** ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Folgoso do Courel para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 prorrogada a súa vixencia ata 31 de decembro de 2020, a xornada completa por obra ou servizo determinado por un período de 3 meses.

- **Un técnico de turismo** ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Folgoso do Courel para a contratación de persoal nas oficinas de turismo a xornada completa ata o 15 de setembro de 2020.

- **Dous auxiliares de axuda no fogar**, un a xornada completa (100 % da xornada) para cobertura de vacacións por un período inicial de sete meses e outro, a xornada parcial (84 % da xornada), por un período inicial de 6 meses

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel no prazo de seis días naturais, a contar desde a publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Folgoso do Courel e na sede electrónica: <https://folgosodocourel.sedelectronica.es>.

Folgoso do Courel, 19 de xuño de 2020.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1230

FOZ

Anuncio

CONTA XERAL 2019

Formada e rendida a Conta Xeral desta corporación correspondente a o ano 2019 cos estados e contas aos que se refire o artigo 209 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as regras 44 a 55 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro e informada pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión do día 9 de xuño de 2020, ditaminou a conta xeral do Concello de Foz, correspondente o exercicio económico 2019. Exponse o público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta entidade e no Portal de Transparencia, por un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao de publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán examinar e presentar por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e o 212 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Foz, 10 de xuño do 2020.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 1142

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 5 de xuño de 2020, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Maio de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de dous mil catrocentos corenta e oito euros (2.448,00 €) , dos que mil oitocentos corenta e tres euros (1.843,00 €) correspondente a dependencia , e seiscentos cinco euros (605,00€) son de libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 5 de xuño de 2020.- A Alcaldesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 1143

MEIRA

Anuncio

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión celebrada o día 15 de xuño de 2020 as bases que rexerán o programa “Revitaliza o teu municipio”, que teñen por obxecto protexer e apoiar o tecido produtivo e social de Meira.

PROGRAMA “REVITALIZA O TEU MUNICIPIO” DO CONCELLO DE MEIRA EN APOIO AOS SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLO COVID-19.

BASES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Goberno Central mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarou o estado de alarma para xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, feito que implica una limitación na liberdade de movemento das persoas polo territorio nacional.

Esta situación veuse prorrogada e perdura na actualidade e cun horizonte temporal que continuará alo menos durante todo o mes de maio do 2020.

Mediante Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, declárase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel de emerxencia de interese galego, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Con elo, limitouse a actividade comercial á prestación daqueles servizos e actividades considerados esenciais.

O Plan elaborado recentemente polo Goberno Central establece un cronograma de reactivación da economía por fases e atendendo a distintos sectores sempre coa finalidade de garantir a saúde e evitar a propagación da pandemia.

É obvio que a recuperación da economía non vai ser de inmediato, senón un procedemento gradual e paulatino sobre todo naqueles sectores vinculados ao ocio, hostelería e restauración.

O Concello de Meira ten un tecido comercial baseado en pequenas unidades de negocio que empregan en moitos casos a familias e autónomos e que no seu conxunto prestan servizo á comarca na súa condición de vila principal.

Para elo, o Concello de Meira e dentro da súa condición de administración máis cercana aos cidadáns, acorda impulsar un paquete de axudas directas destinadas a paliar as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica, co obxectivo de mitigar os efectos económicos negativos que se poden producir en determinados sectores da economía municipal e como consecuencia da falta de actividade comercial durante este período.

1.- OBXECTO.

1.1.- As presentes Bases teñen por obxecto establecer a regulación (solicitud, tramitación, concesión, pago e xustificación) das subvencións para conceder polo Concello de Meira e destinadas a paliar o impacto derivado da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 sobre os pequenos empresarios autónomos que tiveron que pechar os seus establecementos, trala entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

1.2.- A finalidade é protexer e apoiar ao tecido produtivo e social de Meira constituído polas pequenas empresas formadas por autónomos para lograr que, unha vez finalizado o período de peche obrigatorio ditado polo Goberno de España, se produza canto antes a reapertura das súas actividades e que, durante a duración do devandito período, a conta de resultados destes autónomos se deteriore o menos posible, subvencionándose os gastos estruturais de funcionamento da actividade que foron soportados a pesar da carencia de ingresos durante o peche dos seus establecementos por imperativo da entrada en vigor do citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

1.3.- As subvencións expostas fundaméntanse na situación excepcional e de crise sanitaria provocada polo Covid-19.

Dada a súa contía e o formato das mesmas, non xerarán distorsións no mercado nin no réxime da libre competencia.

2.- FINALIDADE.

O obxectivo destas axudas é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica e comercial en Meira, outorgando liquidez ás pequenas empresas e autónomos do Concello de Meira que viron afectada a súa actividade durante esta crise, para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigacións empresariais e fiscais, co mantemento da actividade e o emprego ante a redución drástica de ingresos.

Preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de Meira, dando soporte ás persoas autónomas, micro empresa e pequena empresa, para minimizar o impacto crise económica provocada polo COVID-19 e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía do noso Concello, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas.

3.- NATUREZA E RÉXIME DAS AXUDAS.

3.1.- Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co recollido no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.2.- Dado o obxecto e finalidade destas axudas o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, para todo o mundo que cumpra as condicións, segundo orde de entrada e ata esgotar o crédito.

3.3.- A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante LSG) e nas Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

3.4.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

4.- CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 40.000,00 € do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 439-479.

Non obstante, e tendo en conta as solicitudes da presente convocatoria, poderá ampliarse o crédito de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias do Concello de Meira sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria de axudas.

Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible na aplicación orzamentaria 439-479, queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional.

5.- CONTÍA DAS AXUDAS.

5.1.- As axudas satisfaranse nun pago único atendendo ós seguintes importes:

- Destinatarios recollidos no epígrafe 1: 400 €.
- Destinatarios recollidos no epígrafe 2: 600 €.

5.2.- No caso de que o estado de alarma e a situación de peche se manteña máis aló do 21 de xuño do 2020 e exista crédito suficiente, o Concello poderá facer pagos adicionais as solicitudes xa presentadas, ampliando polo tanto a contía a percibir.

Se non existe crédito suficiente para asumir un segundo importe íntegro o segundo abonarase proporcionalmente.

6.- BENEFICIARIOS E REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR.

6.1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades económicas que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

- Requisitos comúns a todos os beneficiarios:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha micro empresa ou pequena empresa.

A micro empresa e as pequenas empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

Este requisito xustificarse a través dunha declaración responsable que virá incluída na instancia presentada e xunto coa documentación requirida no punto 9 desta convocatoria.

b) Que a actividade afectada polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

c) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.

d) Que, o domicilio fiscal e no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade se atope no termo municipal de Meira.

e) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

f) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Meira. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

g) Xustificar calquera subvención que lle foi concedida con anterioridade polo Concello de Meira, sempre que finalice o correspondente prazo de xustificación.

h) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse unha representante apoderada, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LGS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 da LGS.

Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigacións derivados do outorgamento da subvención.

Requisitos específicos dos beneficiarios do epígrafe 1.

Que a actividade que desenvolven viuse obrigada o peche de establecementos disposto Real Decreto 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo e sufra unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de alo menos o 30%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade levado a cabo.

Requisitos específicos dos beneficiarios do epígrafe 2.

Que a actividade que desenvolven, non incluídas no epígrafe 1, sufra unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de alo menos o 50%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade levado a cabo.

Incluiranse neste epígrafe os beneficiarios que realicen actividades que se vexan afectadas por:

- Imposibilidade total de realización de teletraballo.
- Atoparse pechados os establecementos comerciais ou empresas ás que presta servizo.
- Non poder acceder aos centros de traballo debido ás limitacións de mobilidade propias e dos cidadáns ou por negativa destes a facilitar o acceso.
- Non poder conseguir as materias primas coas que levar a cabo a actividade produtiva.
- Non ter a posibilidade de acceder á clientela debido ás limitacións de mobilidade desta.
- Peche parcial da actividade levada a cabo, entendendo como tal aqueles negocios que levan a cabo actividades correspondentes a varios epígrafes do IAE e que algún deles foi pechado en virtude do Real Decreto 463/2020.
- Calquera outro motivo de natureza tal que non teña permitido levar a cabo a acción profesional e estea directamente relacionado co obxecto desta convocatoria.

6.2.- Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro e o persoal autónomo colaborador.

6.3.- En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

7.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIONES.

As axudas previstas serán compatibles con calquera outra das reguladas para a mesma finalidade.

En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo COVID-19.

8.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

Dirixirse ó Alcalde do Concello, e presentarse exclusivamente a través da Sede electrónica municipal de acordo co establecido no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e ata o vixésimo día hábil posterior á finalización do estado de alarma.

O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión.

9.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

9.1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

a) DNI, NIE acompañado do pasaporte no seu caso, ou NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e en ou caso o do local de desenvolvemento da actividade.

c) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.

d) Declaración xurada co contido recollido no apartado 2.

9.2.- Declaración Responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

- Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita Lei.

- Que a actividade que desenvolve viuse obrigada o peche de establecementos disposto Real Decreto 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo e sofre unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 30%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade levado a cabo (no caso de solicitar a axuda do epígrafe 1)

Ou

- Que a actividade que desenvolven, non incluída no epígrafe 1, sofre unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de alo menos o 50%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade levado a cabo (no caso de solicitar a axuda do epígrafe 2)

10.- PROCEDEMENTO E INSTRUCIÓN.

O Concello de Meira irá resolvendo as solicitudes coa maior brevidade posible e dada a urxencia de outorgar as axudas no menor tempo posible.

10.1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

A instrución do procedemento dependerá directamente de Alcaldía, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Nomearase unha Comisión de Valoración formada por un Presidente, un Secretario con voz pero sen voto e un vogal. Esta Comisión de Valoración formulará as propostas que, previo informe de Secretaría-Intervención, se someterán á aprobación polo Alcalde.

10.2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria.

En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa a devandita solicitude.

A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento.

10.3.- O Concello de Meira comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas á Comisión de Valoración para ser resoltas favorablemente.

As solicitudes que sexan presentadas con posterioridade a ese momento, en previsión da posterior ampliación de crédito sinalada no apartado 4 de presente convocatoria e manterán a orde de prelación establecido, de data e hora de presentación da solicitude, ao efecto de aplicar o criterio de valoración establecido nas presentes bases.

10.4.- A proposta será remitida á Secretaría-Intervención para súa fiscalización, que se realizará de Acordo co establecido nos apartados 18.1.A e 18.1.B da Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, e polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

O control sobre o cumprimento de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social se realizará sobre a declaración responsable.

10.5.-As subvencións concedidas serán obxecto de publicación na páxina web municipal.

11.- OBRIGAS.

Son obrigas das beneficiarias:

- a) Manter a actividade económica durante 3 meses, como mínimo, a partir do día seguinte da finalización do estado de alarma.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigacións de publicidade activa que lle resulten aplicables.

12.- XUSTIFICACIÓN.

12.1.- Prazo:

O prazo de xustificación das axudas se iniciará aos tres meses da finalización do estado de alarma e finalizará aos seis meses da finalización do estado de alarma. Rematado dito prazo sen terse presentado a documentación xustificativa, o Concello de Meira iniciará expediente de reintegro da cantidade percibida.

12.2.- Documentación a presentar:

- Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.
- Documentación xustificativa de perdas económicas. Os/as solicitantes deberán demostrar ter sufrido perdas económicas durante o semestre en que se encadre o período de vigor do estado de alarma dalgunha das seguintes maneiras:
 - a) Declaración trimestral de ingresos e gastos referidas ao primeiro e segundo trimestre de 2020 (ou dos meses do trimestre correspondentes no caso de presentarse a solicitude antes do remate do trimestre completo) nas que deberá de quedar recollida a perda de ingresos.
 - b) Copia do libro de facturas emitidas e recibidas, libro diario de ingresos e gastos, libro de ventas e ingresos, libro de contas e gastos.
 - c) Conta de ingresos e gastos no caso de sociedades.
 - d) Calquera outra documentación ou medio que sexa admitido en dereito que poida ser considerado para acreditar os termos a xustificar.
- Declaración xurada de que a persoa ou entidade solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Declaración sobre a existencia doutras subvencións concorrentes co programa "Revitaliza o teu municipio".

13.- PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS E GARANTÍAS.

O pago destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

Dito pago considerarase un pago a conta da xustificación a presentar, de acordo co artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

14.- REINTEGRO DAS SUBVENCIONS.

14.1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerese polo disposto no título II da LGS e polo título III do RLGS.

14.2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LGS, darán lugar á obrigaçión de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia do interese de demora correspondente desde a data do pago da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obrigaçión de manter a actividade económica durante os 3 meses establecidos no punto 10 de convocatoria ou non acredita a reduçión de ingresos recollida no punto 5 procederá o reintegro do importe da subvención cobrado por este concepto.

14.3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigaçións establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida.

AXUDAS DIRECTAS DESTINADAS Ó MANTEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL, COMERCIAL, DE RESTAURACIÓN E HOSTELERÍA DE PROXIMIDADE, CO OBXECTIVO DE MITIGAR OS EFECTOS ECONÓMICOS NEGATIVOS QUE SE PODEN PRODUCIR EN DETERMINADOS SECTORES DA ECONOMÍA MUNICIPAL ESPECIALMENTE PREXUDICADOS POLA PANDEMIA DO COVID-19

ANEXO - MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE DE AXUDA:

EPÍGRAFE 1:

EPÍGRAFE 2:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

Don/a. _____ con DNI _____ e con domicilio en _____ en nome propio ou como representante da razón social denominada con CIF n.º _____ e responsable do local comercial denominado _____

endereço para notificación electrónica:

.-TIPO DE BENEFICIARIO/A:

1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

Requisitos comúns a todos os beneficiarios:

Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha micro empresa ou pequena empresa.

A micro empresa e as pequena empresas son aquelas definidas conforme Anexo I del Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

(Este requisito xustificarse a través dunha declaración responsable que virá incluída na instancia presentada e xunto coa documentación requirida no punto 8 desta convocatoria).

Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.

Que, o domicilio fiscal e no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade se atope no termo municipal de Meira.

Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigaçións tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS).

Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

Non ter débeda algunha pendente co Concello de Meira.

Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

Xustificar calquera subvención que lle foi concedida con anterioridade polo Concello de Meira, sempre que finalice o correspondente prazo de xustificación.

En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse unha representante apoderada, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LGS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LGS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigacións derivados do outorgamento da subvención.

2.- Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro e o persoal autónomo colaborador.

3.- En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

BREVE MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADE LEVADA A CABO/OBSERVACIÓNS.

Deberá de explicar brevemente cal é a súa actividade produtiva e os motivos derivados do establecemento do estado de alarma que imposibilitan ou impiden a mesma. Así mesmo, tamén poderá facer constar aquelas observacións que considere pertinentes.

NÚMERO DE CONTA NO QUE EFECTUAR O PAGO.

Deberase de consignar un número de conta a nome do/da solicitante ou da razón social a que representa.

A) IBAN:

DECLARACIÓN RESPONSABLE.

O/a abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade:

A) Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

B) Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

C) Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

D) Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

E) Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

F) Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita Lei.

G) Que a actividade que desenvolven viuse obrigada o peche de establecementos disposto Real Decreto 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo e sofre unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de alo menos o 30%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade levado a cabo (no caso de solicitar a axuda do epígrafe 1) Ou,

H) Que a actividade que desenvolven, non incluída no epígrafe 1, sofre unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de alo menos o 50%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade levado a cabo (no caso de solicitar a axuda do epígrafe 2)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE.

Deberase de xuntar a seguinte documentación:

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

- A. DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte ou NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- B. Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e en ou caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- C. Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.

2.- Declaración xurada co contido recollido no apartado 2.

Meira, 19 de xuño de 2020.- O Alcalde, Antonio De Dios Álvarez .

R. 1233

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 03 de xuño de 2020 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de complemento específico do funcionario D. Manuel Novo Pérez, segundo establece o artigo 22.2 i) da LRBRL

O acordo sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

O Valadouro a 10 de xuño de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1144

VILALBA

Anuncio

1. BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS) CURSO 2020/2021, Aprobadas en Xunta de Goberno Local do 16 de xuño de 2020 Expte 1079/2020

Dentro do labor de promover programas e proxectos destinados á atención das familias que ten atribuído o Concello de Vilalba, convócanse as presentes axudas para a adquisición de material escolar de Educación Infantil (3 -6)anos para o curso 2020-2021.

1. DISPOSICIÓN XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais do Concello de Vilalba, para a prestación de servizos o que complementen os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares das familias deste municipio.

A franxa educativa á que se refire o obxecto desta subvención, non está contemplada en outras liñas de subvención ou axudas educativas de outros organismos públicos.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 de la Lei 5/1997, del 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) prevé que os concellos, para a xestión dos seus propios intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.). Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Por todo isto, promóvese a concesión de bolsas complementarias ao estudo para curso 2020/2021 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, del 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a demais normativa de aplicación.

2. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado escolarizado para o curso 2020/2021 en educación infantil (3-6 anos) nos centros docentes públicos existentes no concello.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

Terán a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes:

1. Ser nai, pai ou titor/a, ou persoa encargada da garda e custodia de menores que no ano escolar da convocatoria correspondente vaian a cursar estudos de educación infantil nun centro docente do Concello de Vilalba.
2. Estar ao corrente nas obrigas tributarias.
3. Cumprir co baremo económico recollido no punto 4 das bases.

Entenderase por unidade familiar a formada por nai, pai e fillos e fillas menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio. No caso de cambio das circunstancias conxugais, considerarase como membro computable da unidade familiar, a persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no enderezo familiar coa persoa proxenitora do alumno/a e que teña asignada a súa custodia.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, **os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro semestre do ano 2020.**

En todo caso, terase en conta a situación persoal e composición familiar no momento da presentación da solicitude.

4. CONTÍA E LIMITE DAS AXUDAS

4.1 Limite das axudas

Para a concesión da axuda terase en conta, o número de membros e a renda per cápita da familia, partindo do indicador público de Renda de Efectos Múltiples:

tendo en conta o 100% do IPREM anual: 6.454,03€

tomando como referencia o 125% do IPREM anual: 8.067,537€ .

Terán a consideración de ingresos a suma da base impositiva xeral mais a base impositiva de aforro do imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) referidas ao ano 2018:

Si algún dos membros da unidade familiar presenta unha discapacidade superior ou igual ao 33% computarán como 2 membros da unidade familiar, aos efectos do cálculo da renda per cápita.

Si a solicitante é vítima de violencia de xénero, acreditada polos medios legalmente establecidos, computarán como 2 membros da unidade familiar, aos efectos do cálculo da renda per cápita.

4.2 Contía

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que soamente poderá concederse unha axuda no mesmo ano para o mesmo concepto.

As axudas se dividirán en dous tramos tendo en conta a Renda per cápita, partindo do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM):

Renda per cápita anual inferior ou igual ao 100% do IPREM **será a contía do orzamento presentado ata un máximo de 100€**

Renda per cápita anual entre o 100% e o 125% **será a contía do orzamento presentado ata un máximo de 75€**

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de **15.000€** euros con cargo ao epígrafe orzamentario de Axudas á Escolarización 2310-48903 do Orzamento Xeral Municipal para o ano 2019 prorrogado para 2020.

No caso de que o número de solicitudes supere o crédito máximo orzamentario ordenaranse en función do IPREM de menor a maior IPREM e outorgáranse por orde e tendo en conta o importe solicitado ata esgotar o crédito.

6. SOLICITUDES

A documentación que deberán presentar para a solicitude será a seguinte:

- Modelo normalizado de solicitude de subvención (**Anexo I**).
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do pai/ nai ou representante legal do menor.
- Fotocopia do Libro de familia
- Declaración responsable de non ter débedas con a AEAT, Facenda, Seguridade Social, e co Concello de Vilalba, esta última, se incorporará de oficio (**Anexo II**)
- Fotocopia da Declaración da Renda do ano **2018** ou certificado negativo de tódolos membros da unidade familiar ou, no seu defecto, autorización para consulta de datos en facenda, (**Anexo III**)
- No caso de separación legal ou divorcio presentarase a copia da sentenza ou medidas paterno filiais respecto a/o menor, xunto co convenio regulador ou, no seu defecto, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- Certificado de datos bancarios.
- Presuposto que acrediten o gasto que se prevé realizar, e/ou xustificante asinado e selado do centro escolar onde estea matriculado o/a menor.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A publicación das presentes bases e convocatoria, así como a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios, páxina web do Concello de Vilalba e anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes, xunto coa documentación solicitada, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, Praza da Constitución, n.º 1 Vilalba (Lugo), ou por calquera das formas previstas no artigo 16,4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será **do 25 de xuño ao 8 de xullo ámbolos dous inclusive**.

As bases estarán a disposición das persoas interesadas nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios e na páxina web do Concello (www.vilalba.org) a partir desa data.

Dacordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, si as solicitudes presentadas non reuniran os requisitos sinalados, requirirase ás persoas interesadas para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen a falta ou acompañen os documentos preceptivos. No caso de non facelo terase por desistido da súa petición e arquivarase o expediente.

8. RESOLUCIÓN

8.1 Comisión de Valoración.

O estudio das solicitudes presentadas farase por unha comisión de avaliación que valorarán as solicitudes en base aos requisitos sinalados anteriormente integrada por:

Presidente/a: Alcaldesa- Presidenta do Concello ou persoa en que delegue.

Vogais: 3 técnicos/as do departamento de servizos sociais municipais

Secretario/a: O da Corporación ou persoa en quen delegue.

8.2 Proposta e concesión de subvencións.

A Comisión de Valoración procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases.

A proposta de concesión de subvencións deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, con especificación da contía proposta para cada un deles. Posteriormente, dita proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización desta.

A partir da proposta da Comisión de Valoración informada pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden a subvencións e a desestimación das restantes solicitudes e procederá ao seu pagamento con carácter anticipado en virtude do recollido no artigo 42.2.b) do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións.

O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen notificación da resolución pode entenderse como desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, **publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello**, con expresión do DNI da persoa solicitante, resolución recaída (concedida/denegada); e na Sede electrónica.

9. DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os xerais recollidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- Cumprir tódalas estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

10. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Deberá presentarse conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao modelo que se acompaña (**Anexo IV**) acompañado da seguinte documentación:

- Factura orixinais dos gastos realizados en libros ou material didáctico complementario directamente relacionado co inicio do curso escolar así como xustificante de pagamento da mesma ou xustificante do centro escolar no que se acredite que o beneficiario efectuou o pagamento da aportación esixida polo centro para a adquisición de material
- Declaración responsable de que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda e de que o beneficiario se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

O prazo para presentar a conta xustificativa remata o día **1 de outubro do presente ano**.

11. CONTROL, APLICACIÓN, REVISIÓN E REINTEGRO DE SUBVENCIÓN

A Comisión de Valoración poderá requirirlle a persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarias para completar o expediente, e tamén poderá dispoñer a comprobación oportuna dos datos consignados polos peticionarios.

Tendo en conta que as axudas desta convocatoria responden a unha determinada situación do perceptor, comprobada previamente, a concesión entenderase xustificada mediante a presentación da conta xustificativa.

O interesado procederá ao reintegro das cantidades percibidas, así como aos intereses de demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando datos.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamenta a concesión da axuda, é dicir, ao emprego do importe recibido para finalidades distintas a adquisición de material escolar.

c) Incumprimento dos deberes impostos pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.

12. RECURSOS

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer Recurso Potestativo de Reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a notificación da resolución ou ben directamente o Recurso Contencioso - Administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen perxuício de calquera outro recurso que estime procedente.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Dacordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento, serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Vilalba, con domicilio na Praza da Constitución, n.º 1, 27800 de Vilalba (Lugo), onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, si fose o caso, o de oposición.

2. Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

ANEXO I – Solicitud Axudas á escolarización 2020**SOLICITANTE NAI /PAI /TITORES:**

| | | |
|--------------------------------------------|-----------|-------------------------|
| Nome e Apelidos | | DNI/NIF |
| Enderezo | Poboación | Código postal/Provincia |
| Enderezo para os efectos de notificacións: | | Teléfonos: |

ALUMNADO PARA OS/AS QUE SE SOLICITA:

| | |
|-----------------|----------------|
| Nome e Apelidos | DNI/NIF |
| | Data Nacemento |
| Centro escolar | Curso |

| | |
|-----------------|---------|
| Nome e Apelidos | DNI/NIF |
| Centro escolar | Curso |

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR(Non incluír os/as alumnos do epígrafe anterior):

| Apelidos e Nome | DNI/NIE | Data Nacemento | Parentesco |
|-----------------|---------|----------------|------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Expoño/Solicito:

Que se teña por presentada esta instancia e os documentos que se acompañan para a convocatoria á que se refire esta petición

Documentación que se achega:

- _ Fotocopia DNI / NIE ou pasaporte do pai/nai ou representante legal do menor
- _ Fotocopia libro de familiar
- _ Fotocopia declaración do IRPF do pai e nai ano 2018 ou Autorización **ANEXO II**
- _ Copia sentenza divorcio e convenio regulador ou Declaración xurada
- _ Certificado datos Bancarios
- Declaración responsable **ANEXO III**
- _ Presuposto acreditativo de gasto, ou circular ou informe do centro escolar.
- _ Certificado de grado de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%, si fora o caso
- _ Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Fun informado de que esta Entidade tratará e gardará os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

Información Básica sobre protección de datos


| | |
|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable | Concello de Vilalba |
| Finalidade | Tramitar procedementos e actuacións administrativas. |
| Lexitimación | Cumprimento duna misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos outorgados a esta Entidade. |
| Destinatarios | Cederanse os datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países. |
| Dereitos | Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional. |
| Información Adicional | Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección http://vilalba.sedelectronica.es/ |

Presto o meu consentimento para que os datos aportados na instancia e na documentación que acompaña poidan ser utilizados para o envío de información de interese xeral. Información básica sobre protección de datos

| | |
|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable | Concello de Vilalba |
| Finalidade | Informar sobre as actividades realizadas polo Concello de Vilalba |
| Destinatarios | Cumprimento duna misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade. |
| Lexitimación | Consentimento |
| Dereitos | Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional. |
| Información Adicional | Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección http://vilalba.sedelectronica.es/ |

Presto mo meu consentimento para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos ye outros servizos interoperables.

Sinatura



Concello

Data

ANEXO II – AUTORIZACIÓN DATOS FISCAIS**DATOS DOS INTERESADOS:**

| | | |
|--------------------------------------------|-----------|-------------------------|
| Nome e Apellidos | | DNI/NIF |
| Enderezo | Poboación | Código postal/Provincia |
| Enderezo para os efectos de notificacións: | | Teléfonos: |


EXPOÑ:

En aplicación do artigo 28,2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, autorizo a consulta dos meus datos da declaración de IRPF do derradeiro exercicio liquidado que constan en poder da Axencia Estatal de Administración Tributaria


SOLICITA:

Se recaben ditos datos ao fin de xuntalos á solicitude da convocatoria municipal de Axudas á escolarización


Sinatura



Concello



Data



ANEXO III – DECLARACIÓN RESPONSABLE**1.- Datos Personais**

D/Dona _____, con N.I.F. nº _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____ no seu propio nome e dereito, con coñecemento dos delitos nos que puidera incorrer por falsidade

DECLARO RESPONSABLEMENTE O SEGUINTE:

- 1.- Que non estou incurso/a en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- 2.- Que estou ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Comunidade Autónoma de Galicia, Concello de Vilalba e Seguridade Social.

Sinatura

| |
|--|
| |
|--|

| | |
|----------|------|
| Concello | Data |
|----------|------|

ANEXO IV – XUSTIFICACIÓN

Nº Solicitud: _____




D/Dona _____, con N.I.F. nº _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____ no seu propio nome e dereito, como beneficiario de concesión da subvención. Con coñecemento dos delitos nos que puidera incorrer por falsidade,

DECLARO RESPONSABLEMENTE :

- Que o importe da subvención recibida foi utilizado para a finalidade para a que se concedeu.
- Que o gasto total ascende a _____€, para cuxa xustificación acompaño as **facturas orixinais dos gastos realizados, os xustificantes de pagamento ou a certificación ou informe do centro escolar de ter abonado a aportación para a adquisición de material didáctico.**
- Que os xustificantes dos gastos realizados presentados non foron utilizados para xustificación de ningunha outra subvención.

Vilalba, ____ de _____ de 2020

Sinatura

| | |
|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|  | |
| Concello | Data |
|  |  |

Vilalba, 19 de xuño de 2020.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1240

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente expónse ó público, para a presentación de reclamacións e suxerencias, por prazo de trinta días hábiles a Ordenanza sobre transparencia e acceso á información pública do Concello de Viveiro aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en data 2 de xuño de 2020. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

Viveiro, 9 de xuño de 2020.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 1145

XERMADE

Anuncio

Asunto: aprobación inicial de expediente de transferencia de crédito núm. 2020/TC/04.

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 15 de xuño de 2020, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2020/TC/04, do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito, por importe de 4.296,00€.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, 17 de xuño de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1219

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D^a TANIA FOUZ ARIAS contra ERASMO PÉREZ GONZÁLEZ, en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 525 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a ERASMO PÉREZ GONZALEZ**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 26/6/2020 a las 12:15 horas, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Asimismo, se ha acordado citar para su asistencia al acto de juicio a ERASMO PÉREZ GÓNZALEZ, a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **ERASMO PÉREZ GONZÁLEZ**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a tres de junio de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1146

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 131/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. SANTIAGO REGO TEJEIRO contra AGRUPACION PRONE S L sobre ORDINARIO, se ha dictado decreto de fecha 2 de junio de 2020, cuya parte dispositiva dice literalmente:

“Acuerdo:

a) Declarar a la ejecutada **AGRUPACION PRONE SL** en situación de **INSOLVENCIA**, por importe de **4.590,76 euros**, que se entenderá a todos los efectos como provisional.

b) **Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323 en el BANCO SANTANDER, LUGO debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a AGRUPACIÓN PRONE SL, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a dos de junio de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1147

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO*Anuncio*

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES Nº 14/2020** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DON JORGE IGLESIAS LÓPEZ** contra la **EMP. "DELMAZO INTERIORISMO, S.L.U."**, sobre **RECLAMACIÓN DE CANTIDAD**, se ha dictado **DECRETO** de fecha 04-06-2020 cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"ACUERDO EL EMBARGO Y RETENCIÓN de los saldos existentes a favor de la empresa ejecutada "DELMAZO INTERIORISMO, S.L.U." en entidades que figuran en el informe de averiguación patrimonial integral obtenido, y ello en cuanto sea suficiente para cubrir la suma de las cantidades reclamadas y que asciende a **3.515,00 EUROS más el interés del 10%, en concepto de principal, más 703,00 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución**. A tal efecto, se da la oportuna orden a través de la correspondiente aplicación informática.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo manda y firma Doña María Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a la **EMPRESA "DELMAZO INTERIORISMO, S.L.U."**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, cuatro de junio de dos mil veinte.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1148
